

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 18/02/1978

Colección:

Data: 18/02/1978

De:

Isaac Díaz Pardo;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Sargadelos (parroquial), Cervo (municipal), A Mariña Occidental (comarcal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e con membrete: SEMINARIO DE SARGADELOS. Leva un anexo mecanografado, co esquema do contido que vai ser publicardo no Caderno nº 5 do Laboratorio de Formas de Galicia, de Sargadelos].

Mencionados:

Ricardo Carballo Calero; Castelao; Francisco Fernández del Riego; Xosé Filgueira Valverde; Antonio Fraguas; "Xocas", Xaquín Lorenzo Fernández; Ramón Martínez López; Isidro Parga Pondal;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 18/02/1978

SEMINARIO DE SARGADELOS
CERVO - LUGO - TLFNO. 580811

18.2.78

Sr. Don Luis Tobío
Madrid

Meu querido amigo:

Confirma a miña carta-circular do 18 de xaneiro derradeiro. Agora vai o esquema do caderno que acompañará a mostra.

Agardo o teu pensamento e saber se, como espero, ti farás os folios que che corresponderían.

Os textos deberían estar acó non mais alá do 18 de marzal.

Agradecendo a tua colaboración vai unha aperta tensa

Díaz Pardo [sinatura autógrafa]

[Noutra folla]:

SEMINARIO DE SARGADELOS
CERVO - LUGO - TLFNO. 580811

ANTE-PROXETO DO CONTIDO DO CADERNO Nº 5 DO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA ADICADO A DESCRIBIR A ENFOCAR A TAREFA CUMPLIDA POLO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS , QUE ACOMPAÑARA A MOSTRA QUE SOBRE A VELLA INSTITUCION GALEGA VAI FACER A GALERIA SARGADELOS QUE SE VAI A INAUGURAR EN SANTIAGO

ESQUEMA

1º Un breve enfoque estrutural do Seminario de Estudos Galegos, anónimo ou editorial do L.F.

2º 7 traballos de media ducia de folios aprox. cada un dos Fundadores, Directores, Conselleiros e Colaboradores Sres. Filgueira Valverde, Martínez López, Tobío Fernández, Parga Pondal, Lourenzo Fernández, Fraguas e Fraguas e Fernández del Riego. Pra darlle un senso orgánico e unha coherencia conviña que istes traballos, independentemente da libertade conque cada un quera evocar a súa lembranza da vella Institución, tocasen un particular tema distinto que, en principio, se propón que seña:

Don Xosé Filgueira Valverde - A Literatura

Don Ramón Martínez López - A Historia

Don Luis Tobío Fernández - A Socio-Economía

Don Isidro Parga Pondal - As Cencias Naturales

Don Xaquín Lourenzo Fernández - A Antropoloxía

Don Ricardo Carballo Calero - O Idioma

Don Antón Fraguas e Fraguas - A Xeografía

Don Francisco Fernández del Riego - A Política Cultural

(Cada traballo encabezaríase cunha fotografía e un pequeno curriculum de cada autor)

3º Un par de traballos de autores non galegos que tiveron relación có Seminario ou que poidesen enxuciar a súa tarefa.

4º O Seminario de Estudos Galegos enxuciado por investigadores xóvenes, representativos dende varias áreas das disciplinas e de pensamento, ocupando en total uns 10 folios

5º Alguns texto históricos do Seminario; por exemplo o discurso de Castelao "Do novo espírito", etc.

6º Reproduccións dos gráficos que figurarán na mostra sobor da organización interna do Seminario, outros de comparación con tarefas paralelas ou simultáneas, etc.

7º As publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

8º 20 ou 30 páxinas de ilustracións con textos comprensivos.

9º Índice.

Sargadelos, febrero de 1978

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.